



## **XIII TORNEO INTERNACIONAL SAN FROILÁN** **CD DEZ PORTAS TM LUGO**

### *Regulamento*

#### **Data e local de xogo:**

O XIII Torneo Internacional San Froilán de Tenis de Mesa, terá lugar nas instalacións da “Casa do Deporte” que se encontra na Avenida Infanta Elena, s/n, o día 14 e 15 de Setembro de 2024.

#### **Probas a disputar e horarios:**

O torneo comezará ás 09:30 de mañá e rematará cando se acaben todas as probas.

##### **Sábado 14 de setembro as seguintes categorías:**

Proba Infantil – Nacidos ata o ano 2010 incluído

Proba Sub-21 – Nacidos entre os anos de 2010 e 2004

Proba Senior - Nacidos despois de 2004

Proba Veteranos +40 - Entre 1984 e 1965.

Proba Veteranos +60. Nacidos despois de 1965

Se nalgunha das probas hai un mínimo de 6 (seis) inscricións de deportistas femininas, e 6 deportistas masculinos, esa proba realizarase por separado nunha competición feminina e nunha masculina, en caso contrario realizarase nunha competición mixta.

O Torneo disputarase en “sistema mixto”, (1a Fase por grupos e a Segunda por eliminatorias) salvo que sexan menos de 8 inscritos neste caso a competición só se disputará nun único grupo.

O torneo comezará ás 10:00 de mañá e rematará cando se acaben todas as probas

##### **Domingo 15 de setembro as seguintes categorías:**

Proba Absoluta Mixta

O Torneo disputarase en “sistema mixto”, (1a Fase por grupos e a Segunda por eliminatorias) con competición polo 3o e 4o posto



### Inscricións:

A inscrición é gratuíta para o torneo do sábado e para a **competición absoluta** do domingo **custará 10 euros**, debendo formalizarse antes do día 6 de Setembro ás 14:00 h. e enviarase a confirmación do pagamento, no que deberá constar o nome completo do xogador ou xogadores inscritos, ao correo electrónico: [dezportas@hotmail.com](mailto:dezportas@hotmail.com) o Whatapp: +34 626 34 33 60

### Datos bancarios:

**Entidad: Caixa Rural Galega**

**Titular: Club Deportivo Dez Portas**

**Nº de Cuenta: ES15 3070 0029 3560 9106 0829**

Os clubs galegos realizarán a inscrición, mediante o sistema habilitado para tal fin pola FGTM (enviarase enlace a todos os clubs galegos). Os restantes clubs españois e estranxeiros formalizarán a súa inscrición descargando o impreso de inscrición na web [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es). A o non estar afiliados a FGTM, deberan facilitar: Copia do DNI, nº de licenza, Club ó que pertencen e categoría na que se inscriben. **Non se permitirá a inscricións no mesmo día en máis dunha categoría.**

**TODOS OS XOGADORES INSCRITOS, DEBERÁN ESTAR EN POSESIÓN DA CORRESPONDENTE LICENZA FEDERATIVA.**

### Arbitraxes:

Os partidos da 1ª Fase serán arbitrados polos propios xogadores/as. Na 2ª fase arbitrarán xogadores que foron quedando eliminados en quendas anteriores. As semifinais e a final, serán arbitradas por membros do clube local organizador.

### Trofeos:

Entregaranse trofeos os catro primeiros clasificados de cada proba de Sábado e na proba dominical, ademais dos trofeos, haberá os seguintes premios monetarios:

**Gañador: 200 euros**

**Finalista: 100 euros**

**Terceiro: 50 euros**